

*Sindicato Ferroviario - SF-Intersindical  
Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza  
Sindicato de Xornalistas de Galicia*

## MANIFESTO DO 1º de MAIO 2012

# Contra as agresións aos dereitos laborais e sociais, un paso adiante na Resistencia. É hora de moverse

Diciamos hai un ano, RESISTIR HOXE É AVANZAR MAÑÁ, pero resulta que levamos xa máis de catro anos de crise, provocada por un modelo económico baseado na especulación e no enriquecemento rápido de unha minoría.

O sistema bancario animou á poboación a endebedarse con préstamos, supostamente baratos e a moi longo prazo, e os gobernos, a todos os niveis, xunto cos organismos responsables apoiaron este modelo, sen ningún tipo de control, como se fose sostible indefinidamente, acabando por demostrarse que non o era.

Para manter o seu modelo a toda costa e a calquer prezo, o gran capital marcoulle o camiño a seguir aos gobernos europeos: RECORTAR DEREITOS SOCIAIS E LABORAIS baixo a ameaza de que, de non aceptárense estes recortes, suprimiríanse incluso os DEREITOS DEMOCRÁTICOS. A ditadura dos mercados fíxose, así, evidente, coa imposición de cambios de goberno sen sufraxio en Grecia e Italia e coa modificación da Constitución do 78 no Estado español, en 48 horas, sen consulta e sen participación nin aprobación da cidadanía.

Vivimos tempos nos que o capitalismo decidiu que os traballadores e traballadoras gozaremos xa de demasiados dereitos, aínda que foran sobre o papel. O ensino gratuito, (que nunca o foi de todo). A sanidade pública e universal, que están arruinando para enriquecer “aos seus amigos das mutuas”. O dereito a unha xubilación digna, que xa ameazan como insostible porque según o FMI “vivimos demasiados anos e isto supón un risco financeiro para os gobernos e as entidades que ofrecen esta prestación”. Un, xamais conquerido, transporte público, seguro, social e de calidade que facilite unha mobilidade sostible e para todos e uns servizos sociais que, unha vez postos en marcha, garantan o acceso á igualdade de oportunidades e a necesaria protección para os máis desfavorecidos.

Acabar con todo isto que coñecemos como “Estado do Benestar” é unha oportunidade de negocio privado para o poder económico, que sempre hipotecou as nosas vidas, mais **que agora apostou decididamente pola redución dos bens e dos dereitos laborais e sociais da maioría para satisfacción e enriquecemento impune duns poucos.**

Así pois, son perversas e salvaxes as agresións que vimos padecendo, traballadoras e traballadores, un día sí e outro tamén. **Dísenos, por exemplo, con absoluta hipocrísia, que hai que recortar o gasto social para salvar o futuro estado do benestar; e mentres tanto díctase unha amnistía fiscal para que as entidades financeiras e as rendas máis altas gocen xa aquí, dentro do país, dun auténtico paraíso fiscal. Lóubanse os valores e a capacidade emprendedora e creadora de futuro da nosa xuventude, e mentres prepáranse modificacións do código penal para criminalizar calquer tipo de protesta na rúa. En xeral, todas as reformas que se están implantando, aquí e en Europa, responden aos intereses das grandes empresas e do capital con un único obxectivo: “aumentar a taxa de beneficio dos investidores”. E mentres tanto os Gobernos obedecen.**

A xente asalariada e pensionista declarou o ano pasado e segundo datos oficiais, unha media de 19.400€, un 43% máis do que declararon pequenos empresarios e profesionais liberais, que dixeron obter uns rendementos medios de 11.000€. Pois ben, para as grandes fortunas, empresas de grande tamaño e banca, a inxustiza fiscal aínda é maior: grazas á enorme cantidade de exencións, deducións e vantaxes fiscais, os ricos pagaron finalmente en impostos o ano 2010 aproximadamente o 9,5% dos seus beneficios.

Resistir e dar un paso adiante, nestas circunstancias, é rexeitar o actual sistema fiscal, que fai tributar máis do dobre as rendas do traballo que as rendas do capital.

Pero resistir e avanzar, é tamén denunciar, ben alto, un novo millón de persoas sen emprego, acumulado só desde o pasado 1º de Maio.

Resistimos e avanzamos se combatemos o continuo incremento das desigualdades sociais e dos fogares con rendas por debaixo do 60% da media, -no umbral da pobreza que se di-, cifra que se achega xa á cuarta parte do total.

Resistir e avanzar, é destapar o descaro co que actúan quen nos gobernan, negando en constantes aparicións nos medios de comunicación a realidade dos recortes nos servizos públicos esenciais.

Resistir e avanzar, é non tolerar a [...] progresiva privatización de diferentes áreas e servizos públicos, afectando moi negativamente ao nivel de emprego e á calidade do servizo que se presta.

Resistir e avanzar, é alertar de novo da situación que atinxe ás mulleres, directamente afectadas agora polos recortes en políticas de igualdade, a reforma das pensións, a reforma laboral, a inaplicación e o ninguneo da lei de dependencia, a redución do emprego público, etc.

Resistir e avanzar, en definitiva, é impedir que aproveiten tamén a crise para reducir espazos e iniciativas de liberación nacional, para minorizar aínda máis a nosa lingua e a nosa cultura, e baleirar de calquer contido real o noso autogoberno.

Un paso adiante na resistencia é hoxe máis necesario do que nunca para defendermos os nosos dereitos, para defender un sindicalismo de clase, comprometido coa loita, solidario, autónomo e asembleario. Para defender, ademais, unha saída político-económica digna e xusta a esta crise.

Por todo isto os **sindicatos STEG e SF-Intersindical (membros da Confederación Intersindical)** e o **Sindicato de Xornalistas de Galicia, SXG**, traballamos intensamente para que as medidas adoptadas polo Goberno do Estado, aprobadas no Parlamento español, executadas polo Goberno galego e impostas polos mercados, non se leven adiante.

Somente con unha resposta xeneralizada e unitaria poden frearse estes ataques sen precedentes contra as nosas condicións de vida., polo que chamamos ao conxunto da clase traballadora a saír á rúa neste 1º de Maio

**VIVA O 1º DE MAIO !**